



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 4 DE DECEMBRO DE 2008,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o cambio de denominación do Colexio Profesional de Delineantes de Ourense, que pasa a denominarse Colexio Profesional de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas de Ourense
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Folgoso do Courel
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Folgoso do Courel
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Foz
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Samos
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Samos
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Vila de Cruces
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Vila de Cruces

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Natividad González Laso como comisionada para a Seguridade Viaria de Galicia

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Joaquín Lucas Buergo del Río como director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Salvador Jesús García García como director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



## **ACORDOS**

### **VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á terceira (3ª) prórroga dos contratos, mediante concreto, da reserva e ocupación de 400 prazas para persoas maiores en situación de dependencia, en varios centros residenciais de iniciativa privada
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do décimo cuarto acordo de prórroga ao convenio-concerto de reserva e ocupación de prazas a beneficiarios de asuntos sociais asinado co Concello de Crecente
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da quinta prórroga ao convenio de reserva e ocupación de prazas en residencias para maiores beneficiarios de servizos sociais na residencia Gabino García, do Concello de Manzaneda

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dun aval ou varios avais por importe máximo conxunto de 8.860.000 euros a *Naviera de Galicia, S.A*

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia para promover a intesificación da actividade investigadora

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo, para a constitución do Instituto de Investigación Sanitaria de Vigo
- Acordo de autorización para a aceptación da concesión demanial gratuíta sobre unha parcela de 4.000 metros cadrados outorgada polo Concello da Coruña a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde en Mesoiro

### **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Caja de Ahorros de Monte de Piedad



de Madrid, para a entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios das axudas por xubilación anticipada.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos, para establecer as condicións de colaboración financeira co fin da realización polos seus facultativos de traballos de valoración, seguimento e control de proxectos de investimento subvencionables a través do Programa Operativo do FEP 2007-2013
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual correspondente á Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os titulados en ciclos formativos de acuicultura

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade da Coruña, para a implatación de diversos programas oficiais de posgrao no ámbito do ambiente e o desenvolvemento sustentable, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e *Sogarisa*, para culminar o proceso de xestión dos residuos recollidos como consecuencia do accidente do buque *Prestige*
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Guarda, para a execución da obra: “Mellora do saneamento e abastecemento das rúas Diego Antonio González e Galicia. A Guarda (Pontevedra)”, clave OH.536.811, por importe de oitocentos corenta e cinco mil novecentos corenta e catro euros con corenta e un céntimos (845.944,41 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Caldas de Reis, para a execución da obra: “Saneamento de Arcos da Condesa. Caldas de Reis (Pontevedra)”, clave OH.336.658, por importe de trescentos seis mil catrocentos cincuenta e cinco euros con catro céntimos (306.455,04 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Malpica de Bergantiños, para a execución da obra: “Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Malpica. Malpica de Bergantiños (A Coruña)”, clave OH.315.747, por importe de dous millóns cincocentos catro mil douscentos noventa e sete euros con vinte e tres céntimos (2.504.297,23 euros)



## **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Traballo a establecer na orde pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2009 anticipos de ata o 65% do importe das subvencións no momento da súa concesión

## **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais para o parque empresarial de Camariñas

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Informe sobre as medidas de carácter sectorial contra a crise



## **A XUNTA APROBA AS BANDEIRAS E ESCUDOS OFICIAIS DE SAMOS, VILA DE CRUCES E FOLGOSO DO COUREL E O ESCUDO DO CONCELLO DE FOZ**

- ***Tamén aprobou o cambio de denominación do Colexio Profesional de Delineantes de Ourense, que pasa a denominarse Colexio Profesional de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas de Ourense***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se establecen as conformacións oficiais das bandeiras e escudos dos concellos de Samos, Vila de Cruces e Folgoso do Courel e o escudo de Foz.

Así, a bandeira de Samos (Lugo), ten o pano dividido en tres franxas verticais de verde, branco e azul; no terzo do centro un círculo cunha cruz pometeada de amarelo con catro rubís de vermello, cantonada de catro vieiras de prata. O escudo do municipio ten de sinople (verde) a mesma cruz pometeada de ouro cargada de catro rubís de goles (vermello) e cantonada de catro vieiras de prata, sobre ondas de prata e azur (azul). O bordo ten catro aneis de azur e catro plumas de escribir e ao timbre unha coroa real pechada.

A bandeira do Concello de Vila de Cruces (Pontevedra) consiste nun pano verde con tres cruces amarelas ben ordenadas no ángulo de arriba da hasta. O seu escudo ten de sinople unha ponte de ouro a dúas augas, sobre ondas de prata e azur, á que se suman tres cruces de ouro. Ao timbre, coroa real pechada.

Pola súa banda, a bandeira do Concello de Folgoso do Courel (Lugo) ten sobre pano amarelo un castiñeiro e no terzo de abaixo unha franxa encaixada de catro picos altos de verde. O seu escudo ten, en campo de ouro, un castiñeiro flanqueado de dúas cruces de Santiago de goles; en punta, encaixado de catro picos altos de sinople sobre ondas de prata e azur. Ao timbre, coroa real pechada.

Polo que se refire ao escudo municipal de Foz (Lugo), está cortado en dúas metades: a superior ten en campo de azur unha fragata de vela de prata sobre ondas prateadas e azur; e na inferior tres piñeiros de sinople, frotados e arrancados. Ao timbre, coroa real pechada.

### **Colexio Profesional**

Ademais destes escudos e bandeiras municipais, o Consello da Xunta tamén aprobou no día de hoxe o cambio de denominación do Colexio Profesional de Delineantes de Ourense, que pasa a denominarse Colexio Profesional de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas de Ourense.



## **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA COMISIONADA PARA A SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA A NATIVIDAD GONZÁLEZ LASO**

- ***A nova figura é o órgano superior da Xunta de Galicia, e dependente da Consellería de Política Territorial, en materia de coordinación, seguimento e asesoramento sobre as directrices e estratexias vinculadas á seguridade viaria***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Natividad González Laso como Comisionada para a Seguridade Viaria de Galicia. Esta figura é o órgano superior da Xunta de Galicia, e dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, en materia de coordinación, seguimento e asesoramento respecto das directrices e estratexias vinculadas á seguridade viaria.

A comisionada ten rango de secretaria xeral e as súas funcións son, segundo se establece no decreto de creación:

- Promover, impulsar e coordinar as estratexias de seguridade viaria coas distintas administracións públicas implicadas na materia.
- Avaliar e facer o seguimento do grao de aplicación e cumprimento dos obxectivos xerais e do desenvolvemento de cada unha das liñas estratéxicas propostas na planificación da seguridade viaria de Galicia.
- Planificar e desenvolver campañas e medidas de concienciación en materia de seguridade viaria e prevención de accidentes de tráfico en Galicia.
- Elaborar estudos e proxectos e fomentar a formación e a investigación en materia de seguridade viaria.

### **Currículum de Natividad González Laso**

Natividad González Laso (Xinzo de Limia, 1953) é licenciada en Xeografía e Historia e conta con varios posgraos en Desenvolvemento Teritorial e Planificación e Desenvolvemento Local. Foi deputada no Parlamento de Galicia na VI lexislatura (2001-2005) polo PSdeG-PSOE e desempeñou diversos traballos de xestión, formación e asesoramento tanto a nivel local como autonómico, o que lle confire un amplo coñecemento das distintas administracións. O seu currículum convértea na persoa adecuada para desempeñar este posto de coordinación das políticas transversais da Xunta de Galicia en materia de seguridade viaria e contribuír á sensibilización da sociedade con respecto a este problema.

O posto do Comisionado, ademais de coordinar a aplicación do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2006-2010, no que se inclúen actuacións de todas as consellerías do Goberno galego, supón o xerme das futuras competencias que nesta materia poida asumir a Xunta de Galicia.



## **SALVADOR JESÚS GARCÍA GARCÍA, NOVO DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

Nacido en 1957 en Tudela (Navarra), é licenciado en Veterinaria pola Universidade de León. Pertence ao Corpo Facultativo Superior da Xunta de Galicia, procedente da Administración do Estado, na que ingresou no ano 1985 no Corpo Nacional de Veterinaria do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño.

A súa traxectoria profesional está ligada á Administración autonómica de Galicia dende 1986, onde foi transferido para desempeñar o posto de director do Laboratorio Agrario de Galicia e na que exerceu, ademais, outras responsabilidades. A partires de 1987 e ata o ano 2005 desempeñou diversos postos relacionados coa Sanidade Animal e a Gandeira, sendo nomeado subdirector xeral de Avaliación Ambiental da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en decembro de 2005, posto que desempeñaba na actualidade.

Nesta última responsabilidade, encargouse da aplicación da normativa sobre a prevención e control integrados da contaminación das actividades industriais e agropecuarios, dos procedementos de avaliación dos impactos ambientais ocasionados polas actividades empresariais e polos grandes proxectos de infraestruturas e da promoción da implantación dos sistemas de xestión ambiental.



## **O GOBERNO GALEGO PRORROGA OS CONVENIOS PARA A RESERVA DE 400 PRAZAS EN RESIDENCIAS DE 32 COMARCAS GALEGAS**

- ***A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar investirá máis de 5,8 millóns de euros para financiar esta reserva***
- ***Tamén se Investirán 412.647 euros para a ocupación de 34 prazas en centros de Manzaneda e Crecente***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura das prórrogas dos contratos de reserva e ocupación de 400 prazas para persoas maiores en situación de dependencia en varios centros residenciais de iniciativa privada para o ano 2009. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar investirá un total de 5.827.641 euros para a reserva de prazas en centros de 32 comarcas galegas.

As comarcas beneficiarias son Arzúa, Ortegal, Ordes, Betanzos, Noia, A Coruña, Ferrol, Santiago, Bergantiños, Chantada, Mariña Occidental, Mariña Central e Mariña Oriental, Lugo, Terra Chá, Terra de Lemos, Allariz-Maceda, Valdeorras, O Carballiño, A Limia, Ourense, Terra de Trives, O Ribeiro, Terra de Celanova, Verín, Baixo Miño, Caldas, Condado, Paradanta, Vigo, Pontevedra e Deza.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destina así mesmo 223.064 euros á reserva e ocupación de 18 prazas para maiores en situación de dependencia no Centro de Atención a Persoas Miores "Gabino García" dependente do Concello de Manzaneda.

Pola súa parte, o Concello de Crecente recibirá 189.583 euros para a reserva e ocupación de 16 prazas, 15 para persoas con dependencia e unha con autonomía, na Residencia Municipal San Pedro de Crecente.





## **A XUNTA APOIA A OPERACIÓN DE FINANCIAMENTO POLA QUE NAVIGASA AMPLIARÁ A SÚA FROTA CON CATRO NOVOS BUQUES MERCANTES**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión dun aval por importe máximo de 8,86 millóns de euros para un proxecto de Naviera de Galicia (Navigasa) destinado a adquisición de catro novos buques. O proxecto impulsado pola compañía galega, que supera os 40 millóns de euros, prevé a construción dos novos buques na Factoría Naval de Marín, e permitirán á firma galega dotar a súa frota de modernas unidades de transporte marítimo de 5.500 toneladas de carga.

A operación autorizada autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Consellería de Economía e Facenda, a apoiar a operación de financiamento do proxecto mediante o achegamento de avais destinados a garantir ata o 25% dos préstamos que concederán entidades financeiras. A iniciativa impulsada por Navigasa foi declarada de especial interese socioeconómico para Galicia pola Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos.

Navigasa é unha empresa galega de buques mercantes con máis de 30 anos de experiencia no sector. O obxectivo fundamental do seu plan de negocio é dispoñer dunha frota moderna que lle permita consolidarse e posicionarse no mercado como naviera de referencia a nivel nacional e internacional. Unha vez rematado o plan de expansión previsto pola compañía, o cadro de persoal actual poderá triplicarse ata acadar as 100 persoas. Ata 2006, a empresa Navigasa viña desenvolvendo as súas actividades mediante buques en aluguer; actualmente dispón de tres buques en propiedade e un en aluguer.

Coa nova expansión da súa frota de mercantes en propiedade, Navigasa contribuirá ao desenvolvemento loxístico dos transportes marítimos dende Galicia, dado que os seus buques poderán mover entre 200.000 e 230.000 toneladas de mercadorías por ano, o que suporá reducir o tránsito dun mínimo de 85.000 camións anuais por estrada, reducindo o impacto ambiental e mellorando a seguridade do sistema de transporte no seu conxunto.



## **A XUNTA E AS UNIVERSIDADES GALEGAS COLABORAN NA INCORPORACIÓN DE NOVO PERSOAL DOCENTE INVESTIGADOR E NA ESTABILIZACIÓN DE PERSOAL POSDOUTORAL**

- ***A Consellería de Educación destina máis de 1,4 millóns de euros a esta acción, que ten por obxecto incentivar a dedicación intensiva á actividade de investigación e aproveitar ao máximo a capacidade dos investigadores***

O Consello da Xunta vén de autorizar a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia coa finalidade de incentivar a dedicación intensiva á actividade de investigación e aproveitar ao máximo a capacidade dos investigadores e grupos de investigación. A Xunta achega un total de 1.450.000 euros para esta acción, con cargo ao orzamento de 2008.

Deste xeito, dando continuidade ás medidas iniciadas a través do programa I3, na modalidade de Intensificación, o convenio establece como obxectivos estratéxicos contribuír á incorporación de novo persoal docente con perfil marcadamente investigador e á estabilización de persoal posdoutoral; así como promover a avaliación e recoñecemento polas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) da actividade investigadora do Persoal Docente Investigador (PDI) nos Planos de Organización Docente (POD).

Tamén incentivar ás universidades no establecemento dos mecanismos necesarios para facilitar aos profesores-investigadores con actividade científica e tecnolóxica relevante a intensificación da súa dedicación a actividades de investigación dentro da mesma universidade ou en centros de I+D.

Estes obxectivos tradúcense na selección competitiva por parte das universidades dos investigadores que intensifican a súa actividade investigadora atendendo a indicadores de produción e competencia científica, así como aos obxectivos da actividade investigadora.

Para facer efectiva esta acción, será necesario que as universidades recoñezan expresamente no seu Plan de Ordenación Docente anual a dedicación á actividade investigadora do seu persoal, establecendo criterios que permitan cuantificar a dedicación a esta actividade, así como determinar a liberación docente e a súa substitución no curso académico 2008-2009.

A distribución dos fondos faise de acordo coa intensificación recoñecida para o curso 2008-2009, entendida como a exención de carga docente recoñecida aos investigadores avaliados e intensificados no marco do programa; e en función da capacidade de cada universidade para incorporar novo PDI ou doutores con perfil investigador. Así, a Universidade de A Coruña recibirá unha achega de 364.003 euros, a de Santiago de Compostela 690.645 euros, e a de Vigo 395.352 euros.



## **O GOBERNO GALEGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO CONSTITUIRÁN O INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE VIGO**

- ***O obxectivo deste centro será promover a investigación e a innovación que teña repercusión clínica no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, na área de Atención Primaria da cidade olívica e, en xeral, na sanidade pública de Galicia***
- ***Trátase do terceiro Instituto de Investigación Sanitaria constituído en Galicia, logo da creación este mesmo ano dos da Coruña e Santiago de Compostela, vencellados ás súas universidades***
- ***O Instituto de Investigación Sanitaria de Vigo completa o mapa dos centros necesarios e axeitados á capacidade e organización do sistema sanitario e do sistema universitario de Galicia***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a constitución dun Instituto de Investigación Sanitaria no ámbito do Complexo Hospitalario Universitario da cidade olívica.

O obxectivo deste novo organismo é promover a investigación e a innovación que teña repercusión clínica no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, na área de Atención Primaria desta cidade e, en xeral, no sector sanitario público de Galicia; e, ademais, fomentar a colaboración entre os grupos do Instituto e outros pertencentes a outras institucións no ámbito de Galicia, estatal ou internacional.

### **Resposta ás necesidades de saúde da poboación**

No marco do desenvolvemento científico estase a producir unha globalización do deseño de programas e proxectos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico orientados a dar resposta ás necesidades de saúde da poboación. Isto require o desenvolvemento de liñas de investigación de carácter multidisciplinar, con alta densidade en recursos humanos, materiais e financeiros, e a aparición de novos escenarios de xestión dos programas de I+D orientados á excelencia.

Por outra banda, resulta necesario achegar os avances do coñecemento á práctica clínica asistencial, procurando a innovación efectiva no sistema sanitario, para que, deste xeito, se poida sacar o máximo beneficio en termos de calidade de vida e benestar das persoas.

Unha das estratexias para responder a estes desafíos é o establecemento de núcleos de coñecemento, con experiencias e habilidades multidisciplinares, que permitan incidir positivamente en dous aspectos fundamentais para a investigación biomédica de calidade.

En primeiro lugar, para acadar unha aproximación e integración harmónica da investigación básica, clínica e de saúde pública, potenciando a transferencia dos avances científicos obtidos na prevención e tratamento dos problemas de saúde da nosa



poboación, acurtando o intervalo transcorrido entre a produción dun novo coñecemento e a súa transferencia e aplicabilidade real na práctica médica.

En segundo lugar, para potenciar os centros sanitarios como institucións de investigación nos que se identifican lagoas de coñecemento, lévase adiante a investigación e prodúcese a transferencia do coñecemento acadado á prevención, diagnóstico e tratamento.

Para estes obxectivos, a constitución de Institutos de Investigación Sanitaria como o de Vigo son un elemento primordial.

Ao longo deste ano, a Consellería de Sanidade promoveu a constitución dos Institutos de Investigación Sanitaria da Coruña e Santiago, a través de respectivos convenios coas universidades da cidade herculina e a de Compostela. Ambos os institutos están a traballar no desenvolvemento de liñas prioritarias de investigación.

O Instituto de Investigación Sanitaria de Vigo completa o mapa dos institutos que se consideran adecuados ás capacidades e organización do sistema sanitario público e ao sistema universitario de Galicia.

O Instituto estará rexido por un Consello Reitor como órgano de goberno, dirección e representación, integrado pola conselleira de Sanidade como presidenta, e o reitor da Universidade de Vigo como vicepresidente. Contará con vogais e un secretario ou secretaria.

Os institutos de Vigo, A Coruña e Santiago actúan sobre liñas de investigación concretas e xa definidas, baseadas, fundamentalmente, en problemas de saúde tales como as enfermidades neurolóxicas, cancro, enfermidades músculo-esqueléticas e de aparello locomotor; enfermidades endócrinas, nutricionais e metabólicas; enfermidades cardiovasculares e, así mesmo, enfermidades infecciosas. Ademais, tamén actuarán noutras áreas transversais tales como a xenética e bioloxía de sistemas, a epidemioloxía ou a saúde pública, a Atención Primaria e a farmacoloxía.



## **A XUNTA CONSTRUIRÁ UN CENTRO DE SAÚDE NO BARRIO DE MESOIRO, NA CORUÑA, NO QUE SE INVESTIRÁN MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS**

- ***O centro edificarase nunha extensión de terreo de 4.000 metros cadrados cedida gratuitamente polo Concello da Coruña***
- ***Neste centro poderán realizarse intervencións de cirurxía menor ambulatoria, teledermatoloxía, e desenvolverase o Programa de Atención Integral á Saúde da Muller***
- ***Con esta nova instalación, serán 14 os centros de saúde da rede sanitaria pública galega que estarán á disposición dos veciños da cidade da Coruña***

O Servizo Galego de Saúde construíra un centro de saúde no Polígono de Mesoiro, logo de que o Concello da Coruña cedera gratuitamente á Consellería de Sanidade unha parcela de 4.000 metros cadrados, que delimita ao sur coa rúa Os Ancares e ao leste coa rúa Laxe. O Consello da Xunta autorizou esta mañá o acordo para a aceptación da cesión desta parcela.

O orzamento de licitación para esta nova instalación da rede sanitaria pública galega supera os 1,5 millóns de euros, para unha superficie total construída de máis de 1.400 metros cadrados.

No programa funcional do centro, que atenderá a unha poboación de ao redor de 12.000 persoas, constan, ademais das zonas administrativas, sete consultas de medicina xeral, oito de enfermaría, dúas de pediatría, unha de enfermaría pediátrica, unha sala polivalente, unha sala de curas e outra para toma de mostras.

Este centro de saúde disporá de sala de técnicas, o que implica que nel se desenvolverá cirurxía menor ambulatoria, teledermatoloxía, e o Programa de Atención Integral á Saúde da Muller.

A construción deste centro de saúde, ademais de dar servizo a unha poboación nova, permitirá desconxestionar os centros de saúde do Ventorrillo e Elviña.

Con esta nova instalación, serán 14 os centros de saúde da rede sanitaria pública galega que estarán á disposición dos veciños do concello da Coruña.



## **A XUNTA E CAJA MADRID COLABORAN NA XESTIÓN DE AXUDAS POR XUBILACIÓN ANTICIPADA NO SECTOR PESQUEIRO**

- ***A Consellería de Pesca e Caja de Ahorros y Monte Piedad de Madrid asinarán un convenio polo que o organismo financeiro será designado entidade colaboradora de cara ao pagamento das devanditas subvencións***
- ***Con esta cooperación poderanse realizar os pagamentos aos pescadores afectados polos plans de prexubilación enmarcados na Orde do 2 de xuño de 2008***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Caja de Ahorros y Monte Piedad de Madrid, Caja Madrid, para a prestación do servizo de pagamento aos beneficiarios das axudas por xubilación anticipada que se poidan aprobar por parte da Administración pesqueira galega, así como do mantemento por parte do beneficiario das condicións que deron lugar á concesión da subvención.

Deste xeito, a Consellería de Pesca designa a Caja Madrid como entidade colaboradora para os efectos de xestión do pagamento das axudas á xubilación anticipada dos pescadores afectados polos plans de prexubilación enmarcados na Orde do 2 de xuño de 2008. A finalidade da devandita normativa é establecer as bases reguladoras de concesión de subvencións de carácter socioeconómico a favor dos tripulantes de buques vinculados ao axuste da capacidade pesqueira para o período 2007-2013.

Segundo o convenio, que estará vixente ata o 31 de decembro de 2013, as obrigas da Consellería serán, ademais de entregar á entidade colaboradora o importe total da axuda de cada beneficiario, subministrar a información necesaria para o desenvolvemento das funcións encomendadas e facilitar que os pescadores cumpran a obriga de achegar a Caja Madrid a documentación que lles sexa requirida para a verificación das condicións de outorgamento ou mantemento da axuda e que están ao día das súas obrigas tributarias e non teñen débedas coa comunidade autónoma.

### **Obrigas de Caja Madrid**

Pola súa banda, Caja Madrid terá, entre outras obrigas, que verificar ante os organismos pertinentes as condicións ou requisitos de outorgamento das axudas e da súa contía, así como o seu mantemento; pagar as subvencións o último día de cada mes mediante transferencia bancaria; entregar a cada beneficiario unha estimación dos pagamentos que se lle farán; e realizar un cálculo das prestacións ás que os pescadores terían dereito ata cumprir a idade regulamentaria de xubilación.

Ademais, a entidade colaboradora elaborará un informe trimestral e anual, que entregará a Pesca, no que se indique a evolución dos fondos administrados individualizados por cada un dos beneficiarios; realizará a petición anual de fe de vida dos pescadores; e levará a cabo unha revisión anual dos cálculos da axuda por beneficiario para contrastar que os cálculos tidos en conta no momento da concesión non sufriron variación. Tamén



se incluírá entre as obrigas de Caja Madrid continuar prestando os seus servizos e efectuando os pagamentos acordados, aínda despois de finalizado o período de vixencia do convenio, respecto das axudas á xubilación anticipada recoñecidas durante a súa vixencia.

As diferenzas xurdidas en torno á interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivar da aplicación do convenio deberán ser solventadas por unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante de cada unha das partes.

### **Xubilación anticipada**

A Orde do 2 de xuño de 2008, da Consellería de Pesca, establece as bases e condicións polas que se regula na nosa comunidade autónoma a concesión de axudas de carácter socioeconómico, cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca, a favor dos tripulantes de buques vinculados ao axuste da capacidade pesqueira para o período 2007-2013.

Esta medida ten por finalidade garantir que os traballadores poidan dispor de ferramentas axeitadas para adaptarse aos cambios sociais que se están producindo no ámbito pesqueiro, así como de mecanismos que lles permitan paliar os problemas derivados da perda do posto de traballo polos axustes da frota pesqueira.



## **A XUNTA ASINARÁ UN CONVENIO CO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS NAVAIS E OCEÁNICOS PARA REALIZAR A VALORACIÓN, SEGUIMENTO E CONTROL DE INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES POLO FEP**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos para establecer as condicións de colaboración financeira para a realización de traballos de valoración, seguimento e control de proxectos de investimento susceptibles de seren financiados a través do Programa Operativo do Fondo Europeo da Pesca (FEP 2007-2013).

Para o correcto desenvolvemento dos labores que recolle este convenio, que terá como prazo de vixencia do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2009, a Consellería de Pesca achegará un total de 155.705 euros, pertencendo o 61 por cento ao FEP e o 39 por cento restante aos fondos achegados polo Estado membro.

A través deste acordo, o Colexio de Enxeñeiros Navais e Oceánicos encargárase da valoración, seguimento e control das solicitudes de axuda que se presenten con base no eixe prioritario 1.3 do FEP, referente a investimentos a bordo dos buques pesqueiros e selectividade; así como o 2.1, sobre a modernización das industrias de acuicultura a flote. Nos dous casos, o traballo do persoal colexiado concrétese na realización de visitas de inspección e informes anteriores ao inicio das obras, informará tamén sobre a elixibilidade e idoneidade das obras ou investimentos solicitados, fará unha valoración económica do proxecto e realizará visitas de inspección e informes sobre o fin de obra.

Así mesmo, no caso do eixe prioritario 1.3 tamén achegará propostas sobre posibles investimentos que supoñan melloras tecnolóxicas notables, como a xestión electrónica de propulsión, implantación de sistemas de telemedicina ou de software de control de estabilidade, entre outros. Pola súa banda, no caso da modernización das empresas acuícolas, os enxeñeiros achegarán propostas sobre posibles innovacións que supoñan melloras técnicas importantes como a utilización de enerxía eólica en plataformas de engorde de bivalvos a flote ou o emprego de enerxía solar térmica para granxas de preengorde.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos pretende, a través deste convenio de colaboración, acadar un maior grao de correspondencia entre as necesidades reais de investimento no sector e a contía das axudas que se outorguen para melloras a bordo dos buques e para a modernización de industrias de acuicultura. Con estas subvencións os sectores produtivos da pesca poderán acadar unha posición máis competitiva mediante a aplicación da técnica e da tecnoloxía máis avanzada.

Cabe destacar que, segundo o Orzamento xeral da Consellería de Pesca para o ano 2009, se destinarán máis de 15 millóns de euros para o eixe prioritario nº 1.3 do Programa Operativo do FEP e dez millóns para o eixe 2.1.





### **Fomentar a competitividade do sector a través da modernización**

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ten entre as súas competencias a da protección, xestión e fomento dos intereses pesqueiros de Galicia. Neste senso, a política da Administración pesqueira galega instrúntase, en boa parte, a través de actuacións globais de modernización e adecuación das estruturas pesqueiras que permitan afrontar a reestruturación e modernización da frota galega, alcanzando niveis de organización que fagan ao seu sector competitivo nos mercados internacionais e que poida xerar desenvolvemento e riqueza para o conxunto da poboación galega.

Ademais, correspóndelle á Consellería, a través da Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca, as funcións relativas á optimización da frota e das industrias pesqueiras galegas, as actuacións tendentes a conseguir a mellora da calidade dos produtos e dos procesos de promoción e ordenación da súa oferta, así como a xestión integral das correspondentes axudas e subvencións, de acordo coa regulamentación da Comunidade Europea.

Neste sentido, e co fin de acadar o óptimo grao de adecuación dos fondos europeos que a UE destina ao sector do mar, Pesca considera necesario contar con sistemas eficaces de valoración, seguimento e control dos proxectos de investimento subvencionables a través do Programa Operativo dos FEP, para acadar maior grao de correspondencia entre as necesidades de investimento e a contía das axudas que se achegarán. Con este fin é co que nace o convenio de colaboración que asinarán a Consellería de Pesca e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos.

Pola súa parte, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos, unha corporación de dereito público e con personalidade xurídica propia, ten entre os seus obxectivos principais a colaboración e apoio ás administracións públicas para acadar que os distintos sectores produtivos logren unha maior competitividade a través da aplicación e introdución de tecnoloxías máis idóneas. Este organismo está capacitado para poñer á disposición da consellería enxeñeiros superiores de alta cualificación qu colaboren nos programas de axudas e aporten a oficialidade, imparcialidade e independencia nos seus informes e traballos.

Os enxeñeiros navais e oceánicos colexiados teñen como principio xeral manter unha total independencia e imparcialidade nos seus estudos, análises, xuízos e decisións, evitando con isto prexuízos que diminúan a súa obxectividade.



## **O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 56.000 EUROS A TRES BOLSAS DE FORMACIÓN EN RÉXIME DE EMPRESA TUTELADA PARA TITULADOS EN ACUICULTURA**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o compromiso plurianual correspondente á orde pola que se aprobarán as bases reguladoras e se convocarán as devanditas bolsas e que será publicada en breve no Diario Oficial de Galicia***
- ***A finalidade desta medida é potenciar e facilitar o tránsito e a incorporación dos alumnos á vida laboral a través dun período de prácticas nun ámbito de empresa ficticia no que se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o compromiso plurianual correspondente á orde pola que se aprobarán as bases e se procederá á convocatoria de tres bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os titulados en ciclos de grao medio e superior de acuicultura, para as que a Administración galega achegará un total de 56.530 euros. Con esta medida, dende a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos quérese potenciar e facilitar o tránsito e a incorporación dos alumnos á vida laboral. Deste xeito, recórrese a un modelo en que a entidade formadora facilita un período de práctica laboral nun ámbito de empresa ficticia en que se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais, pero na que a súa titularidade é do organismo responsable da formación.

Con esta convocatoria, que sairá publicada en breve no Diario Oficial de Galicia (DOG), entregaranse un total de tres bolsas para a levar a cabo prácticas de xestión e produción de cría de bivalvos, mediante a modalidade de empresa tutelada, nas instalacións do Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa), na Illa de Arousa. A concesión das bolsas, que será por un período de dous anos non prorrogables, realizarase a favor dos alumnos que remataron os ciclos formativos de acuicultura e non fosen beneficiarios de axudas similares para o mesmo fin con anterioridade.

O prazo de presentación de solicitude será dun mes contado a partir da publicación da correspondente orde no DOG e os interesados deberán dirixir as peticións á Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro. Pola súa banda, a Consellería de Pesca publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das bolsas concedidas.

Neste punto, cabe sinalar que á hora de facerse a selección, se terán en conta diferentes criterios de valoración, entre os que se atopa a planificación da produción para cultivar un total de cinco millóns de unidades de cría de ameixa babosa, de tres milímetros de talle, nunha instalación tipo minicriadoiro ou a nota obtida no módulo de cultivo de moluscos ou de técnicas de cultivo de moluscos do ciclo formativo realizado polo aspirante.

### **Importe das axudas**

Para levar a cabo esta iniciativa, a Administración galega achegará, con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, un total de 56.530 euros para as anualidades 2009, 2010 e 2011. Do montante global, un total de 23.450 euros serán para



o exercicio que vén, mentres que 28.290 euros serán para 2010 e os 4.790 euros restantes destinaranse ao ano 2011. No entanto, as partidas fixadas para cada anualidade poderán ser reaxustadas en función da data de inicio de realización das bolsas, prevista para o 1 de marzo de 2009.

O importe de cada bolsa incluírá unha asignación mensual de 715 euros para cada un dos beneficiarios e un seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes. Pola súa banda, dado o seu carácter formativo e de especialización, a concesión destas bolsas non implicará relación laboral ou administrativa coa Consellería de Pesca, aínda que deberá existir unha coordinación co horario e as normas de funcionamento do centro onde se realizará a formación, que neste caso será o Igafa.

Así, unha vez producida a incorporación á empresa tutelada e tras ser certificada polo director do Igafa, procederase ao pagamento da cantidade mensual con efectos a mes vencido. Ademais, antes de aboarse a última mensualidade os bolseiros deberán presentar unha memoria da actividade realizada durante o período de aproveitamento da axuda, co visto e prace do responsable da súa formación.



## **A XUNTA DESTINA 150.000 A POTENCIAR A IMPLANTACIÓN DE CURSOS DE POSGRAO CON TEMÁTICA AMBIENTAL NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

- ***Os programas de posgrao promoverán a especialización en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental, Enxeñaría da Auga e Química Ambiental e Fundamental***
- ***A achega da consellería destinarase á realización de actividades complementarias, a un período formativo práctico do alumnado e a contar con profesionais de recoñecido prestixio para impartir os cursos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade da Coruña para a implantación de tres cursos de posgrao no ámbito do ambiente. A consellería apoia esta iniciativa por considerar que se trata dunha especialización con gran necesidade de cualificación e graves carencias formativas en Galicia.

A consellería achegará 150.000 euros, que se repartirá de forma equitativa entre o presente ano e o 2009, para a realización de actividades complementarias dentro destes cursos, contar coa participación de expertos de recoñecido prestixio nas materias que se impartirán e colaborar nun período formativo de carácter práctico integrado no programa dos cursos que desenvolverá a Universidade da Coruña en dependencias da consellería.

Os programas de posgrao promoverán a especialización en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental, Enxeñaría da Auga e Química Ambiental e Fundamental. Esta formación pretende que os titulados acaden competencia en enxeñaría da auga e en química ambiental así como capacitar aos participantes para que poidan integrarse nas unidades de xestión ambiental das empresas.

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente non só contribúe ao financiamento dos másters senón que lles da o seu apoio institucional, comprometéndose a participar no deseño das ensinanzas a través das comisións técnicas de cada curso, a fomentar que o seu persoal especializado imparta módulos docentes e acordando un programa de prácticas.

### **Máster en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental**

Este curso de posgrao pretende acadar un reforzamento da conciencia ambiental nos lugares onde finalmente van desenvolver a súa actividade profesional, como en empresas, industrias ou organismo públicos e privados.

### **Máster en Enxeñaría da Auga**

O obxectivo principal é formar profesionais para que poidan desenvolver a súa carreira profesional no mundo das augas continentais, en especial, nas súas facetas máis técnicas. Así, o máster céntrase en ofrecer información avanzada en orientación académica, profesional e investigadora.

### **Máster en Química Ambiental e Fundamental**



O curso pretende formar especialistas competentes en química cara a unha orientación ambiental, a síntese e a caracterización de novos compostos químicos, produtos e materiais que poidan abordar e resolver os problemas que demanda a industria, a administración e a sociedade.



## **O GOBERNO GALEGO DESTINA 1,1 MILLÓNS DE EUROS A OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NOS CONCELLOS DA GUARDA E CALDAS DE REIS (PONTEVEDRA)**

- ***O Consello autorizou hoxe o investimento para acometer obras hidráulicas en ambos Concellos***
- ***En Caldas de Reis, a Consellería de Medio Ambiente executará o saneamento a varios núcleos da parroquia de Arcos da Condesa, cun investimento de algo máis de 300.000 euros***
- ***A Xunta investirá ademais preto de 846.000 euros na mellora do saneamento e o abastecemento en rúas do núcleo urbano da Guarda***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 1,1 millóns de euros a obras de saneamento e abastecemento nos concellos da Guarda e Caldas de Reis, na provincia de Pontevedra. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e económica entre a administración autonómica e os concellos para a execución de ambos os proxectos.

### **Caldas de Reis**

No concello de Caldas de Reis, a Consellería de Medio Ambiente executará o saneamento ao núcleo de San Martiño, Badoucos, Ceboleira e Marán, na parroquia de Arcos da Condesa. A actuación prevista inclúe a instalación de colectores de saneamento para dotar do servizo a estas poboacións, e a construción dunha depuradora compacta de augas residuais para 250 habitantes e cun caudal medio de 0,43 litros por segundo.

O prazo de execución das obras é de seis meses, e o investimento que realizará Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) é de 306.455 euros.

### **A Guarda**

Por outra parte, a Consellería de Medio Ambiente destinará 845.944 euros á mellora do saneamento e abastecemento nas rúas Diego Antonio González e Galicia, no núcleo urbano da Guarda. As obras contan cun prazo de execución de cinco meses e teñen por obxecto solucionar os fallos periódicos que se producen actualmente nas redes de abastecemento e saneamento sitas a ambas as marxes da estrada PO-552.

Así, o proxecto inclúe a renovación completa do saneamento de augas fecais, coa instalación de 1.385 metros de tubos, e a substitución da actual rede de pluviais cun novo encanamento de 715 metros. No que respecta ao abastecemento, está previsto renovar a práctica totalidade da rede, mediante a instalación de 1.725 metros de encanamento.



## **A XUNTA INVISTE 2,5 MILLÓNS DE EUROS NA DEPURADORA DE MALPICA, QUE CULMINA O PLAN PARA DOTAR DE EDAR A TODAS AS POBOACIÓNS DE MÁIS DE 2.000 HABITANTES E PARA ACADAR O SANEAMENTO INTEGRAL DAS RÍAS**

- *A aprobación deste investimento garante que todas as poboacións de máis de 2.000 habitantes de Galicia terán depuradora no 2011, coa excepción de Sanxenxo e Ribeira, pendentas da cesión de terreos por parte dos seus respectivos concellos*
- *A Xunta xa aprobou en pouco máis dun ano 21 depuradoras noutras tantas localidades de máis de 2.000 habitantes nas que os concellos si puxeron a disposición de Augas de Galicia os terreos para o seu emprazamento e construción*
- *Pese aos reiterados incumprimentos dos concellos de Sanxenxo e Ribeira, a Consellería de Medio Ambiente non renuncia en ningún caso á construción de sendas depuradoras, para es que ten dotación orzamentaria, si ben xa non será posible aprobalas no que resta de ano*
- *O Goberno galego, en algúns casos en colaboración co Estado, está a mobilizar máis de 800 millóns de euros na construción, ampliación e mellora de 76 depuradoras*
- *A depuradora de augas residuais (EDAR) de Malpica é unha das 40 de nova construción nas que están a traballar os Gobernos autonómico e o central para cumprir a directiva europea e sanear de xeito integral as rías*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 2,5 millóns de euros á construción da depuradora de augas residuais (EDAR) de Malpica de Bergantiños (A Coruña). O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento para a execución desta depuradora, unha das 40 novas depuradoras que figuran no plan de Saneamento de Galicia, das que a inmensa maioría están en execución, adxudicadas, licitadas ou na fase inmediatamente anterior. As únicas excepcións son as depuradoras de Sanxenxo e Ribeira, debido aos reiterados incumprimentos por parte dos concellos de poñer a disposición de Augas de Galicia os terreos para o emprazamento e construción das instalacións.

Coa aprobación polo Consello da Xunta da EDAR de Malpica, a Consellería de Medio Ambiente cumpre o seu obxectivo de licitar antes de que rematase o ano tódalas depuradoras das poboacións de máis de 2.000 habitantes, que segundo a Directiva Europea deberían estar xa construídas antes do 31 de decembro do 2005. Os únicos concellos que non cumpriron coa súa obriga de decidir o emprazamento das súas novas depuradoras son os de Sanxenxo (Pontevedra) e Ribeira (A Coruña). Con todo, a Consellería de Medio Ambiente non renuncia a construción de sendas depuradoras, si ben os reiterados incumprimentos por parte dos responsables municipais de ambas localidades impedirán que podan ser aprobadas e licitadas neste ano pese a que existe a dotación orzamentaria para elas.



A depuradora de Malpica terá capacidade para dar servizo a 5.000 habitantes, e incluíra a instalación dun bombeo na zona sur do porto, un aliviadoiro previo á EDAR e dous colectores de entrada á mesma. O prazo de execución do proxecto é de 24 meses. A Consellería de Medio Ambiente financiará na súa totalidade a súa execución con 2,5 millóns de euros.

### **Plan de Saneamento de Galicia**

A nova EDAR de Malpica é unha das actuacións incluídas no Plan de Saneamento de Galicia 2005-2009, no que a Consellería de Medio Ambiente, en algúns casos xunto co Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, está a mobilizar máis de 825 millóns de euros para a construción, ampliación e mellora dun total de 76 depuradoras.

Este Plan de Saneamento inclúe as 40 novas depuradoras xa referidas, resultado de sumar as 21 aprobadas no último ano e medio pola Xunta de Galicia, catro que están na fase inmediatamente anterior e as de Ribeira e Sanxenxo, bloqueadas pola falta de ubicación. A estas depuradoras, 27 en total e financiadas integramente por Augas de Galicia, hai que engadir as de interese xeral financiadas entre o Goberno galego e o central e as que están en fase de execución dende o 2005. Ademais, de depuradora de Malpica, aprobada hoxe, no último ano pasaron polo Consello da Xunta as seguintes: Arzúa, Ponte do Porto (Camariñas), Carral, Fisterra, Aríns (Santiago de Compostela), Palmeiro (Xove), Carballiño, Baiona, Catoira, Chanteiro (Ares-Fene-Mugardos), Gandarío (Bergondo), Esteiro (Muros), Corme (Ponteceso), Ribadeo, As Pontes, Santa Comba, O Grove, Razo (Carballo), Baldaio (Carballo) e Bandeira (Silleda). Están, ademais, na fase previa a súa aprobación polo Consello da Xunta e posterior licitación, pero xa con emprazamentos decididos polos concellos, as de: Camelle (Camariñas), Corrubedo (Ribeira), Barrantes (Ribadumia) e Forxán (Foz).

As depuradoras de Sanxenxo e Ribeira, pola contra, están aínda pendentes de que os concellos aproben as súas respectivas ubicacións. No caso concreto de Sanxenxo, Augas de Galicia chegou a redactar ata catro anteproxectos distintos en función dos continuos cambios de ubicación decididos polo concello. Ribeira, pola súa banda, chegou a aprobar un emprazamento, pero o goberno local decidiu dar marcha atrás cando Augas de Galicia xa tiña redactado o anteproxecto para a licitación da depuradora. A día de hoxe, o grupo de goberno do concello de Ribeira non decidiu aínda onde se construíra a nova depuradora.

Ademais da aprobación e construción das novas depuradoras, a Consellería de Medio Ambiente realizou no último ano melloras e ampliacións en 24 edares, das cales 22 están na costa. Neste caso, o obxectivo era mellorar a calidade das augas das rías para o marisqueo, instalando para elo sistemas terciarios en cada unha desas 22 Edares: Betanzos, Boiro, Cee-Corcubián, Miño, Neda, Pontedeume, Rianxo, Sada-Mera, Serra de Outes, Padrón, Bueu, Cambados-Vilanova-Ribadumia, Cangas, Illa de Arousa, Nigrán, Pontevedra-Marín-Poio, Redondela, Paxariñas (Sanxenxo), Soutomaior (Arcade), Vigo





(Teis), Vilagarcía e Meaño. A estas 22 hai que sumarlle as ampliacións que se levaron a cabo na depuradora de Carballiño e a de Verín, a primeira xa executada e a segunda aprobada o pasado mes polo Consello da Xunta.

Dende o 2005, tamén se puxeron en funcionamento 12 depuradoras máis: Cedeira, Bergondo, Laxe, Noia, Oleiros, Melide, Caldas de Reis, Viveiro, Baralla, Taboada, Foz e Barreiros.

O Plan de Saneamento complétase coas depuradoras de A Coruña, Camariñas, Cariño, Ferrol, Muros, Porto do Son, Arteixo, Teo, Lugo (todas elas en fase de execución, algunhas, como a de Lugo a punto de empezar a funcionar, e as de A Coruña e Ferrol, a rematar no 2009), Vigo (a licitar en 2009), Ourense, Santiago de Compostela e Xove (San Cibrao).

O grao de execución e cumprimento do Plan de Saneamento 2005-2009 está nestes momentos por encima do 90%.



## **O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ PRETO DE 54 MILLÓNS DE EUROS Á POSTA EN MARCHA DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA DESEMPREGADOS**

- ***O Consello da Xunta aprobou a orde pola que se convocan axudas para a realización de actividades formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados en 2009***
- ***Coa aprobación desta orde tamén se establece a posibilidade de solicitar o adianto de ata un 65% da subvención***

O Consello da Xunta aprobou a orde pola que se establecen as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a convocatoria para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados para o ano 2009. Ademais, tamén se autorizou a concesión de anticipos do 65% das axudas destinadas ás actuacións de formación para os traballadores desempregados, que contarán cun presuposto inicial que ascende a preto de 54 millóns de euros.

A decisión de facer estes anticipos ven xustificada polas características das actividades subvencionadas. Para o correcto desenvolvemento destas actividades formativas as entidades precisan dispoñer de fondos iniciais que lles permitan asumir en parte os gastos de preparación das actividades. En todo caso, os fondos non se librarán ata a completa xustificación do destino das axudas.

As accións de formación profesional ocupacional conforman un dos elementos máis salientables das políticas activas de emprego, como medida de mellora da empregabilidade dos desempregados. Trátase dunha medida recollida dentro da Estratexia Europea de Emprego, acordada polo Consello Europeo extraordinario de Luxemburgo, e dunha estratexia estatal, de acordo co Plan Nacional de Acción para o Emprego.

Así mesmo, o Plan Galego de Formación Profesional establece que a formación profesional ocupacional constitúe unha vía fundamental para conseguir un incremento da competencia, da empregabilidade e das posibilidades de inserción laboral dos traballadores desocupados.

As entidades beneficiarias desta liña de subvencións serán as organizacións, empresas ou institucións, sempre que dispoñan dun centro de formación homologado e inscrito no censo de centros colaboradores de formación profesional ocupacional da Consellería de Traballo. Tamén poderán optar a estas axudas as persoas físicas, entidades xurídicas e institucións que desenvolvan actividades relacionadas coa formación; as organizacións empresariais e sindicais ou as súas fundacións, así como as empresas que presenten un proxecto formativo específico para elas e sempre que conleve un compromiso de contratación inmediato.



Os beneficiarios das accións de formación serán as traballadoras e os traballadores desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego. Na orde estipúlase que terán preferencia os desempregados de longa duración, as mulleres, as persoas con discapacidade e os menores de 25 anos que leven inscritos máis de 6 meses como demandantes de emprego.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE SITUACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE CAMARIÑAS

- ***A nova localización está entre a estrada comarcal 432, que une Vimianzo con Camariñas, e o Alto das Rubias, e pasa a ter 58.000 metros cadrados***
- ***Esta nova situación permitirá executar unha mellor urbanización e conexións exteriores, ademais de facilitar a adquisición de terreos***

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou a modificación puntual do Plan Sectorial de ordenación de áreas empresariais para o parque empresarial de Camariñas, o que supón un cambio de emprazamento deste parque así como un lixeiro incremento das súas dimensións. A nova localización está ao noroeste do núcleo das Carballas, entre a estrada comarcal 432 -que une Vimianzo con Camariñas- e o Alto das Rubias. Este parque pasa a ter un total 58.000 metros cadrados fronte aos 50.000 previstos inicialmente.

O obxectivo destes cambios é mellorar as condicións de urbanización deste parque debido ás condicións topográficas, paisaxísticas e arqueolóxicas da zona, así como mellorar as conexións exteriores de infraestruturas viarias e de servizos urbanos.

Por outra banda, o novo ámbito afecta a un número reducido de propietarios polo que a xestión para a obtención dos terreos necesarios para o desenvolvemento deste parque será máis doada e menos custosa.

O Parque Empresarial de Camariñas será desenvolvido pola sociedade Suelo Empresarial del Atlántico (SEA) , participada pola Consellería de Vivenda e Solo.



## **A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ MÁIS DE 34 MILLÓNS DE EUROS EN 2009 NUN PLAN DE CHOQUE PARA MITIGAR OS EFECTOS DA CRISE NO MERCADO LABORAL A TRAVÉS DE CATRO PLANS SECTORIAIS**

- ***A Consellería de Traballo desenvolve xa os programas específicos dirixidos ao sector do téxtil, da automoción, da construción e da extracción de minerais***
- ***As axudas ao téxtil acadarán 1 millón de euros e as da automoción, 10 millóns***
- ***Ao sector da construción destinaranse o vindeiro ano 6,5 millóns de euros e ao da extracción de minerais, 6 millóns***
- ***Outros 10,7 millóns serán destinados a un programa de reforzo do autoemprego, do que se beneficiarán 520 proxectos***
- ***Todas as actuacións estanse levando a cabo de común acordo cos axentes económicos e sociais***

A Xunta de Galicia investirá en 2009 un total de 34,2 millóns de euros nun plan de choque para mitigar os efectos da crise no mercado laboral a través de catro plans que inciden nos sectores estratéxicos do téxtil, a automoción, a construción e a extracción de minerais e as axudas ao autoemprego.

As axudas nos catro sectores estratéxicos ascenden a 23,5 millóns de euros. Ademais, outros 10,7 millóns de euros serán destinados a un *Programa de reforzo do autoemprego*, por medio de actuacións de orientación, análise de viabilidade e dos novos incentivos. Está previsto que se beneficien desta liña de axudas un total de 520 proxectos.

O traballo centrarase en tres piares fundamentais: os programas de promoción do emprego autónomo, as iniciativas de emprego de base tecnolóxica, e iniciativas emprendedoras e de emprego.

Para tal fin intensifícanse de xeito importante as seguintes liñas de axuda:

- as destinadas a asistencia técnica e apoio á función xerencial, para acompañar o emprendedor no inicio do proxecto empresarial que vai poñer en marcha
- as axudas pola contratación por parte dos traballadores autónomos do seu primeiro traballador ou traballadora, no marco das microempresas.
- e increméntase a contía dos incentivos a favor do colectivo de parados de longa duración que decidan emprender ou iniciar unha actividade empresarial como autónomos



Todo isto levarase a cabo de xeito coordinado co reforzamento da rede de axentes de emprego e desenvolvemento local, que cooperan con emprendedores e emprendedoras na maduración do seu proxecto.

### **Programa de apoio ao téxtil galego**

En primeiro lugar, o *Programa de apoio ao sector téxtil galego* desenvólvese ao abeiro do acordo específico da Mesa do Sector Téxtil, asinado o 7 de maio do presente ano. Cómpre sinalar que esta mesa específica do sector téxtil está enmarcada dentro da Mesa 3, de Desenvolvemento Económico, Industrial e I+D+i do proceso de Diálogo Social.

Son obxecto desta actuación os traballadores afectados por un expediente de regulación de emprego (ERE) de suspensión. En canto aos requisitos, con independencia da persoa beneficiaria das axudas, as empresas ás que pertencen as persoas traballadoras suxeitas a ERE de suspensión deberán desenvolver algunha das actividades industriais do sector téxtil e da confección que se aplica o convenio colectivo propio deste sector, e ter a súa sede social ou o establecemento de produción na Comunidade galega.

Asemade, tamén é un requisito ter unha media de traballadores fixos igual ou superior ao 45% para as empresas de ata 40 traballadores, e do 70% para os que superen os 40 traballadores, nos 6 meses anteriores á solicitude de suspensión de contratos de traballo.

Este programa, que contou en 2008 cun orzamento de 200.000 euros e que para 2009 dispón dun millón de euros, busca que as persoas traballadoras afectadas por expedientes de suspensión de contratos deste sector poidan formarse durante os devanditos períodos de suspensión. Tamén establece que este período de formación sexa considerado tal, de maneira que os traballadores non vexan diminuídos en ningún modo os seus dereitos.

As medidas que se inclúen nesta orde están distribuídas en tres programas, segundo o acordado:

- Programa 1 vai referido a un complemento da prestación de desemprego, para igualar o salarios netos percibidos polos traballadores e traballadoras no seu posto de traballo durante o proceso de suspensión de contrato e formación.
- Programa 2 regula a reposición das prestacións de desemprego consumidas, para o caso de que tras a suspensión vexan extinguidos os seus contratos por causas obxectivas (económicas, técnicas, organizativas ou de produción).
- E o Programa 3 diríxese ao financiamento total ou parcial dos custos dos plans de formación impartidos aos traballadores e traballadora afectados.



Os requisitos e procedementos para acceder as axudas foron tamén consensuados cos axentes económicos e sociais.

### **Programa Laxa**

O *Programa Laxa* vai dirixido ao sector de extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos e fabricación de produtos derivados, fundamentalmente o sector da lousa. Este programa abrangue dúas actuacións principais:

Por un lado, establece unha liña de axudas dirixidas aos concellos de Galicia que teñan empadroados traballadores e traballadoras que perdesen o seu posto de traballo nas empresas de extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos, da lousa, como consecuencia da actual situación económica. O DOG publicou precisamente onte, día 3 de decembro, a orde de convocatoria de axudas, por un orzamento total de 6 millóns de euros para 2009.

A través desta convocatoria, a Consellería de Traballo ten previsto beneficiar a 300 desempregados procedentes das empresas de extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos.

Co desenvolvemento desta orde o a Xunta de Galicia persegue tres obxectivos fundamentais: en primeiro lugar, ofrecer unha oportunidade laboral aos desempregados que perdesen o seu posto de traballo no sector da lousa, como consecuencia da actual conxuntura económica. Outro dos seus propósitos é mellorar a empregabilidade dos traballadores por medio da adquisición de experiencia profesional en ocupacións ligadas aos novos viveiros de emprego e facilitar a súa posterior reinserción laboral.

Por último, a iniciativa ten como finalidade fomentar o emprego en ocupacións vinculadas co sector da lousa ou noutras actividades alternativas relacionadas con novos viveiros de emprego. A intención é que a medio prazo se poidan consolidar e contribúan así a intentar poñer freo ao despoboamento e envellecemento do mundo rural que ten, entre outras causas, a non substitución dos empregos relacionados co sector primario por outros na industria e, fundamentalmente, no sector servizos.

Para acadar estes tres obxectivos, a Consellería de Traballo pon en marcha esta convocatoria extraordinaria, que se enmarca dentro dos programas de cooperación no ámbito da colaboración coas entidades locais. As axudas e subvencións consistirán, en concreto, no financiamento dunha contía equivalente aos custos laborais derivados da contratación dos traballadores desempregados co obxectivo de que adquiran experiencia en ocupacións ligadas aos novos viveiros de emprego para propiciar a súa posterior reinserción laboral.

Á marxe disto, farase unha selección das obras ou servizos presentados, dándolles preferencia a aqueles se axusten ás características dos demandantes de emprego do territorio, que contén coa participación dos axentes económicos e sociais na



elaboración do seu contido e desenvolvemento, e que se realicen dentro das actividades relacionadas cos novos viveiros de emprego.

Por outro lado, o plan *Laxa* inclúe un programa de crédito, para a concesión de préstamos persoais aos traballadores, que ten por finalidade cubrir os períodos que leven sen percibir os atrasos salariais ou teñan pendente de cobrar os seus salarios. Os traballadores destas empresas Traballadores de louseiras situadas nos concellos de Quiroga e comarca, comarca de Bretoña- Lugo e O Barco de Valdeorras (CUPIGA, PEBOSA, FERLOSA, BRETOÑA, e IPISA). Non obstante, o acordo está aberto a outras empresas. poden solicitar, a través da Consellería de Traballo, préstamos as entidades financeiras coas que se asine convenio, e a Consellería financiará o 100% dos xuros e a súa comisión de apertura.

O investimento da consellería para os anos 2008 e 2009 aproxímase aos 100.000 euros, para aboar a comisión de apertura e os xuros.

### **Plan Reorienta**

O *Plan Reorienta* vai destinado aos traballadores que perderon o seu emprego nos últimos dous anos, fundamentalmente na construción. Nace do acordo subscrito cos axentes sociais e económicos que leva por título *Plan de resposta para o emprego: Reorientación e mobilidade sectorial*, asinado o pasado 18 de xullo.

Este plan dá resposta á situación dos traballadores e traballadoras afectadas, tanto dende a análise xeográfica da situación como en relación cos colectivos máis afectados.

Apóíase en tres piares:

- Procesos de orientación e itinerarios personalizados coa posta en marcha das accións previstas.
- Promoción e apoio ao emprendemento.
- Apoio á mobilidade xeográfica dentro da Comunidade galega.

O plan dará resposta aos traballadores afectados porque facilitará a incorporación dos demandantes de emprego a outros sectores a través de procesos formativos cos que adquirirán as competencias necesarias para o desempeño de diferentes postos de traballo. Os sectores de destino, preferentemente, serán os de: enerxías alternativas, rehabilitación e restauración, manexo de maquinaria pesada e agricultura ecolóxica.

Asemade, realizaranse procesos de orientación que desembocarán en itinerarios personalizados de inserción profesional para o conxunto de demandantes que se integren no plan; incentivarase o emprendemento como fórmula de creación de emprego e contribuirase a diminuír os custos económicos que poida ter a mobilidade xeográfica dentro da nosa comunidade.





O *Plan Reorienta* prevé, ademais, unha compensación económica de 1.050 euros para aqueles participantes que, carecendo de rendas, non están percibindo prestacións. O programa conta cun orzamento para 2008 de 3,8 millóns de euros para aproximadamente mil beneficiarios. Para 2009 o orzamento é de 6,5 millóns e estímase que serán beneficiados 3.500 demandantes de emprego.

### **Plan da automoción**

A través dun investimento total de 10 millóns de euros, o Executivo autonómico busca que as empresas dedicadas á industria do automóbil que sufran unha parada obrigada de produción no mes de decembro impartan durante ese período formación especializada aos seus traballadores. O conselleiro de Traballo asinará en breve os convenios correspondentes, por un importe máximo de 400.000 euros por cada un deles.